

CIRCULAR 1/2021

1.- CONVOCATORIA DE ELECCIÓN AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

En cumprimento do disposto no artigo 44.3 dos Estatutos aprobados mediante Decreto 304/2008, de 9 de outubro, ponse en coñecemento de todos os Colexiados que o Pleno da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 19 de decembro de 2020 e de conformidade co disposto no artigo 44.1 dos Estatutos, adoptou acordo de **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN**, quedando fixada a data da xornada electiva o día **27 DE MARZO DE 2021**, na sede social, sita na rúa Hórreo 7, 1 Dereita, de Santiago de Compostela, entre as 10:00 horas e as 18:00 horas.

Antes de que transcorra un mes desde o acordo da convocatoria quedará constituída a Xunta Electoral, composta polos membros do Pleno da Xunta de Goberno que non opten á reelección e, por conseguinte, que non renunciaran ao cargo.

As candidaturas poderán presentarse dentro do prazo comprendido entre a data do último anuncio publicado de convocatoria e ata un mes antes da data de celebración das eleccións, debendo cumprir cos requisitos esixidos polos artigos 41 e 47 dos Estatutos.

Co obxecto de garantir o exercicio do voto por correo remitirase a todos os Colexiados a documentación esixida polo artigo 50 dos Estatutos, sendo válidos os recibidos ata 24 horas antes da xornada electiva.

2.- EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO CENSO ELECTORAL

Aprobado provisionalmente polo Pleno da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 29/12/2020, o **CENSO ELECTORAL**, correspondente á elección de cargos do 27 de marzo de 2021 comprensivo dos Colexiados que cumpren os requisitos do artigo 42 dos estatutos, en cumprimento do establecido no artigo 46, expónse ao público durante un **prazo de 3 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do último anuncio inserido no DOGA e nas páxinas autonómicas dun dos xornais de maior difusión de Galicia, para que polos interesados se presenten as reclamacións que se estimen oportunas na sede Colexial a través do Rexistro Xeral.

Atentamente,
Avelino Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.

